



MU

Manual de usuario FICADIAndroid

Vacunacións Veterinarios Clínicos

Elaborado por Amtega



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA.....	5
2.1. Requisitos de Hardware e software.....	5
2.2. Perfís de usuario.....	5
3. REXISTRO NO PORTAL DE FICADI.....	6
3.1. Identificación do usuario.....	6
3.1.1. Rexistro usuario.....	7
3.1.2. Cambiar contrasinal.....	7
4. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA ANDROID.....	8
4.1. Inicio aplicación.....	8
4.2. Instalación actualización.....	8
4.3. Identificación usuario.....	9
4.4. Nivel 1 – Inicio.....	10
4.4.1. Lista de explotacións.....	12
4.4.1.1. Detalle explotación.....	13
4.4.2. Sincronización.....	13
4.4.2.1. Sincronización actuacións vacinación.....	13
4.4.3. Posición.....	17
4.4.4. Pechar.....	17
4.5. Nivel 2 – Explotación.....	18
4.5.1. Explotación.....	18
4.5.2. Actuación.....	18
4.5.3. Coord. Xeográficas.....	19
4.5.4. Sair.....	20
4.6. Nivel 3 – Actuación.....	21
4.6.1. Actuación.....	21
4.6.2. Vacinacións.....	22
4.6.2.1. Animais con probas.....	24
4.6.2.2. Alta animais.....	27
4.6.2.3. Filtro animais.....	30
4.6.2.4. Eliminar.....	32
4.6.2.5. Aplicar.....	32
4.6.3. Observacións.....	33
4.6.4. Sair.....	34
5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS.....	35
6. ANEXO II: Contacto Soporte.....	36

1. INTRODUCCIÓN

FICADI (Ficha de Corte Dixital) substitúe o antigo proceso de rexistro e actualización de datos relativos ao saneamento gandeiro (baseado na utilización e envío de formularios en papel que, unha vez cumprimentados e verificados, introducíanse manualmente na base de datos autonómica), por un procedemento máis potente e sinxelo, baseado en la utilización de teléfonos intelixentes por parte dos veterinarios, recollendo e almacenando toda a información xerada no campo nunha base de datos central, e integrándoa na aplicación de xestión da Consellería do Medio Rural.

Inclúe tamén xestións correspondentes as AD SG e veterinarios clínicos tales coma as actuacións de toma de mostras, tratamentos e entrega de documentación

Ademais Ficadi está dotado dun módulo que permite a análise dos datos epidemiolóxicos xerados durante as actuacións dos Programas Sanitarios para o estudo da evolución das campañas de saneamento en función dos datos históricos de campañas anteriores e outras fontes de datos epidemiolóxicos.

2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

O sistema permitirá a creación, consulta e edición de Actuacións (tanto de toma de mostras, tratamentos coma de entrega de documentación), a consulta de datos da ADSG, a consulta dos informes de resultados do laboratorio, a consulta de incorporacións e antecedentes, xeración de informes sobre explotacións, animais e actuacións.

2.1. Requisitos de Hardware e software

Para un correcto funcionamento da aplicación será necesario o uso dun dispositivo Android 9 ou superior

2.2. Perfís de usuario

O presente manual centrase no perfil de usuario para Veterinarios Clínicos da aplicación.


Estes usuarios poderán utilizar a aplicación Android para engadir tratamentos/vacinacións de xeito análogo a como o realizaran os usuarios ADSG

3. REXISTRO NO PORTAL DE FICADI

3.1. Identificación do usuario

Ao introducir a dirección URL <https://ficadi.xunta.gal/ficadi/>, atopamos a pantalla de identificación do usuario.

Teremos que teclear o usuario e contrasinal e facer clic no botón “Iniciar sesión” para acceder á aplicación. Tamén poderemos acceder a rexistrarnos coma usuario externo premendo en “Rexístrate para obter acceso”, ou solicitar un cambio de contrasinal por medio de “¿Olvidou a súa contrasinal?”



Na esquina inferior dereita da pantalla de inicio, indicará a versión da aplicación v. 4.8.21

Unha vez dentro da aplicación, se pasa un tempo sen actividade, ao volver a traballar coa aplicación esta volveranos a pedir que nos identifiquemos.

3.1.1. Rexistro usuario

Antes de poder traballar necesitaremos rexistrarnos como usuario externo. No caso de pertencer a unha ou máis ADSGs será necesario indicar o CIF de a lo menos unha ADSG a que se pertence. Senón pertencemos a ningunha ADSG, débese deixar o campo baleiro.

Será necesario indicar o NIF do usuario, o código de veterinario e o correo electrónico do usuario. Para poder rexistrarse como usuario externo de FICADI. En caso de pertencer a unha ADSG e indicalo, o NIF do usuario debe estar vinculado coa ADSG en REGAN

Para rematar o rexistro deberemos seguir as instrucións que chegarán ao correo electrónico indicado no rexistro.

Rexistro Usuario Externo



Formulario de rexistro de usuario externo con os seguintes campos:


- NIF ADSG
- NIF Veterinario
- Código Veterinario (lista desplegable)
- Correo Veterinario
- Botón: **Rexistrar**

Unha vez rexistrado no Sistema, poderemos acceder a aplicación móbil e o portal co nif e contrasinal indicado no rexistro. No caso se de dispoñer dun usuario xa rexistrado na aplicación anteriormente, ben por pertencer a unha ADSG, ou outro perfil, deberase contactar con soporte rexistrar o usuario.

3.1.2. Cambiar contrasinal

Para cambiar o contrasinal solicitaranos o noso usuario e enviaranos un correo electrónico á dirección indicada polo usuario no rexistro coas instrucións para o cambio de contrasinal

Cambiar contrasinal FICADI




Formulario para cambiar o contrasinal de FICADI:

- Etiqueta: Usuario
- Campo de texto: USUARIO
- Botón: **Cambiar contrasinal**

4. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA ANDROID

4.1. Inicio aplicación

Para acceder a aplicación móbil, débese estar rexistrado no portal web de FICADI. Nada máis premer na icona correspondente a Ficadi, aparecerá a pantalla de inicio. 




Ao premer en entrar a aplicación comproba se existen novas actualización de software. No caso de existir, preguntará se se desexa proceder coa instalación.



Comprobará que se teña conexión a Internet e o GPS acendido



4.2. Instalación actualización

Ao premer en entrar a aplicación comproba se existen novas actualización de software. No caso de existir, preguntará se se desexa proceder coa instalación



4.3. Identificación usuario

Se non existe actualización ou decidimos non instalala, solicitará a identificación do usuario e o correspondente contrasinal (o mesmo que utilizamos en Ficadi Web)




NOTA: A primeira vez que se abre a aplicación se non se ten ningunha explotación descargada, a comprobación farase contra o servidor Web, polo que é importante ter boa cobertura de datos para evitar que falle. En caso de ser incorrectos os datos indicarao.



Poderase deixar memorizado o usuario, pero non o contrasinal, marcando a caixa “Recordarme”

Recordarme

O contrasinal por defecto aparece como asteriscos pero pulsando no símbolo do ollo  poderemos ver os caracteres que a compoñen.




Unha vez aceptada a identificación, chegarase ao Nivel 1 – Inicio

4.4. Nivel 1 – Inicio

O nivel de inicio facilitará o acceso as distintas funcións da aplicación

Mostrará 2 pestanas:


- Lista explotacións: mostra as explotacións xa descargadas no dispositivo (no caso de ter algunha descargada)



- Consulta: dos datos dunha explotación. Permitirá descargar os datos dunha explotación no dispositivo para actuacións Mostras mortes



Tamén dará acceso, mediante o menú lateral tanto a estas dúas pestanas (“Explotacións” e “Descarga explotación” respectivamente) e a outras funcións como a de sincronización de datos coa Web, (“Sincronización”), posición (“Localización”), o compactado de datos (“Compactar datos”)



4.4.1. Lista de explotacións


Nesta solapa, xunto cunha lista que mostra os principais datos das explotacións atopadas no dispositivo ordenadas polo estado, visualizarase o número de explotacións atopadas e o estado das actuacións, e poderemos acceder á explotación, e aos resumos de explotación e actuación.

Na lista visualizaranse os seguintes datos referentes ás explotacións atopadas:

- REGA: código da explotación (14 díxitos)
- TITULAR da explotacións
- FECHA: Data da actuacións
- VET1 e VET2: veterinarios da actuación
- ACT: Tipo de actuación, para este perfil só é válido o tipo de actuación Vacinacións (Tratamentos/Vacinacións)
- Estado da actuación: Codificará en letra e en cor o estado actual da actuación, así, Sen visitar (S–Gris), Empezada (E–Verde), ou Completada (C–Azul).



Pulsando na icona dos 3 puntíños poderemos acceder ao detalle da explotación e aos resumos de explotación e actuación correspondentes. (Os resumos só están accesibles para explotacións de Bovino e Pequenos ruminantes)



Pulsando na lista sobre unha explotación, accederemos ao seguinte nivel, que nos permite visualizar con maior detalle a información da explotación sobre a que queiramos traballar de entre as presentadas no resultado da busca.

4.4.1.1. Detalle explotación

Mostra con máis detalle a información da explotación e o titular

- EXPLOTACIÓN
 - REGA: código da explotación (14 díxitos)
 - TIPO: Código da familia da explotación (01- Bovino, 03 - Ovino/Cabrún)



4.4.2. Sincronización

Mediante o menú lateral do Nivel 1 - Busca poderemos acceder á ventá de sincronización de datos .

Para realizar todo este proceso deberemos ter o teléfono acendido e, ou conexión de datos ou una conexión Wi-Fi activa.

Nada máis entrar na ventá de Sincronización veremos unha grella na que se mostran as explotacións que poderían baleirarse de volta ao Sistema, e a súa dereita unha inicial que indica en que estado se atopan, e a esquerda unha marca que mostrará se realmente as queremos sincronizar (cun V).

A grella poderá estar baleira se non hai no dispositivo explotacións a sincronizar

4.4.2.1. Sincronización actuacións vacinación


Mediante o menú lateral do Nivel 1 - Busca poderemos acceder á ventá de sincronización de datos .

Para realizar todo este proceso deberemos ter o teléfono acendido e, ou conexión de datos ou una conexión Wi-Fi activa.

Nada máis entrar na ventá de Sincronización veremos unha grella na que se mostran as explotacións que poderían baleirarse de volta ao Sistema, e a súa dereita unha inicial que indica en que estado se atopan e a esquerda unha marca que mostrará se realmente as queremos sincronizar (cun V).

A grella poderá estar baleira se non hai no dispositivo explotacións a sincronizar

Teremos que marcar as actuación que queiramos sincronizar



As explotacións que estean en estado “Sen visitar” non se poderán marcar para a sincronización, tan so as en estado “Empezada” ou “Completada”.



Poderemos marcar ou desmarcar as explotacións que realmente queiramos sincronizar, para isto bastará premer na caixa correspondente. Cando marquemos unha explotación que non estaba marcada aparecerá a marca en azul-verdoso, se a desmarcamos aparecerá a marca en branco.


Se temos moitas actuacións poderemos buscar as dunha explotación escribindo o rega de lado da lupa



Na esquina superior dereita da grella temos unha caixiña, se a marcamos, seleccionará todas as actuacións para a sincronización, se a desmarcamos, desmarcará todas.

Antes de Sincronizar, premeremos nos 3 puntíños da esquina superior dereita, para comprobar que está marcada a opción de sincronización de datos.




Premendo no botón “Sincronizar”  gardaranse os datos das explotacións indicadas no Servidor.




Os datos poderanse enviar as veces que se queira, tendo en conta que se sobrescribiran no servidor.

NOTA: O sincronizado pode ser modificado cunha nova sincronización, pero unha nova sincronización que non inclúa unha actuación o da que se teña eliminado unha mostra, non a eliminará do servidor

Para evitar o borrado de datos involuntario, sempre solicitará confirmación antes de proceder a sincronización.



A continuación aparecerá unha barra indicando o progreso da sincronización de datos e unha mensaxe indicando o número de explotacións actualizadas no Servidor .



No caso dos tratamentos, a sincronización confirmarase 2 veces

NOTA: O tempo que emprega o equipo no baleirado e carga de datos dependerá de diversos factores, principalmente do número de explotacións e de animais que se transmitan en ambos sentidos e da cobertura 3G ou H ou 4G.

4.4.3. Posición

Mediante o menú lateral do Nivel 1 - Busca poderemos acceder á visualización no mapa da posición actual.


Para saír daremos no botón “Atras” do teléfono



4.4.4. Pechar

Mediante o menú lateral do Nivel 1 - Busca poderemos Pechar a aplicación.

Solicitará confirmación antes de pechar a aplicación e ir a pantalla de inicio



4.5. Nivel 2 – Explotación

Ao editar unha explotación aparecerán os datos referentes á explotación divididos en varias solapas: “Explotación”, “Actuación”, “Coord. xeográficas”


Poderase acceder á explotación dende a Lista de explotacións, pulsando na explotación escollida, ou dende consulta, despois de crear a actuación pulsando nos 3 puntíños - editar actuación.

Para saír desta pantalla premerase na parte superior esquerda, daranos 2 opcións: comprobar os cambios e saír ou cancelar e seguir na pantalla actual.

4.5.1. Explotación

Presentará datos básicos da explotación:

- REGA
- Tipo: Familia





4.5.2. Actuación

Presenta, a modo informativo, os datos da actuación:



- Campaña
- Estado: da actuación
- Data: da actuación (Sen visitar, Empezada, Completada)
- Motivo de Actuación: sempre será Tratamentos/vacunacións
- Veterinario 1 e 2: código/s numérico/s do/s veterinario/s responsable/s da actuación.

Pulsando en “Editar” abrírase a actuación Ver Android Nivel 3 – Actuación

4.5.3. Coord. Xeográficas

Visualizaranse nun principio a nosa posición. Pulsando no botón da parte superior esquerda do mapa  , moverase ata a explotación. Pulsando na icona  na parte superior dereita do mapa poderemos volver a nosa posición actual.



Na parte inferior esquerda do mapa temos o controlador do zoom  (tamén poderemos facer cambios mediante movementos dos dedos) Desde os 3 puntinhos  da esquina superior dereita veremos as opcións sobre o mapa: “Ir a la explotación”, “Actualizar Coordenadas”, “Modo Normal”, “Modo Híbrido”, “Ruta hasta allí”

Pulsando sobre a explotación podemos ver as súas coordenadas.


Poderanse ver as coordenadas de calquera punto pulsando sobre el ata que apareza un indicador vermello e pulsando sobre este.

Se no mapa apreciase que non coincide a posición real da explotación e a indicada, premeremos na posición correcta ata que apareza o indicador vermello e utilizaremos a opción “Actualizar Coordenadas” Esta opción so se activará se temos o indicador vermello no mapa.

As coordenadas xeográficas están en formato UTM WGS84 fuso 29N.

4.5.4. Sair

Para saír desta pantalla premerase na parte superior esquerda, daranos 2 opcións: comprobar os cambios e saír ou cancelar e seguir na pantalla actual.



4.6. Nivel 3 – Actuación

Presentarase a información relativa a unha mesma actuación repartida nas solapas “Actuación”, “Tratamentos”, “Observacións”, e dado o caso “Erros”.


Dende este nivel engadiremos as mostras á actuación.

Para saír desta pantalla premerase na parte superior esquerda, daranos 2 opcións: gardar os cambios e saír ou cancelar e seguir na pantalla actual.

4.6.1. Actuación

Presenta os datos básicos sobre a visita:

- “Campaña”: Ano da campaña
- “Estado”: Indicará o estado de evolución dos traballos referentes á visita. Serán “Empezada” que indicará que se comezaron os traballos pero están pendentes de finalización; “Completada”, cando se dan por terminados os traballos, e “Sen visitar” (estado inicial), se non se puideron realizar os traballos (de considerase a posibilidade de facer a actuación noutro momento bastará con non gardar a actuación, para evitar que garde a data de actuación).
- “Data”: Data da visita, a aplicación tomará, de maneira automática, como data a do sistema no momento de creación da actuación (a data da primeira vez que se grava como empezada ou completa), polo que é importante que ao acender o dispositivo se comprobe sempre que a data e a hora son as correctas.
- “Motivo da Actuación”: O motivo de actuación para Vacinacións será “Tratamentos/Vacinacións CS” e non se pode modificar
- “Vacinación” Marcado por defecto e non editable
- “Veterinario 1” e “Veterinario 2”: Neste campo teranse que introducir o código numérico de dous veterinarios responsables da actuación. Só se poderán modificar se a actuación está en estado “Empezada”. Se algún dos dous non é un código válido dará problemas no momento da sincronización



16:26

Ficadi

ACTUACIÓN TRATAMIENTOS OBSERVACIONES

Campaña: 2023

Estado: Sen visitar

Fecha: Fecha por definir

Motivo de Actuación: TRATAMIENTOS/VACINACIONES CS

Vacinación

Veterinario 1: 1050

Veterinario 2: 0



10:52

Ficadi

ACTUACIÓN TRATAMIENTOS OBSERVACIONES

Campaña: 2023

Estado: Empezada

Fecha: 27/07/2023

Motivo de Actuación: TRATAMIENTOS/VACINACIONES CS

Vacinación

Veterinario 1: 655


Veterinario 2: 0



4.6.2. Vacinacións


Dende ela poderemos indicar os animais tratados.

Nada máis empezar a actuación, aparecerá en branco, segundo se engadan vacinas os animais, aparecerá o listado destes.


Como engadir vacinas explícase no apartado Animais con probas




Poderase mostrar ou ocultar a información das probas de cada animal premendo no símbolo a esquerda de cada un (máis  ou menos  respectivamente)



Utilizando o menú (premendo no 3 puntíños da dereita) poderemos eliminar o animal do listado de vacunados (“Eliminar”), tal e coma se explica no apartado 3.5.2.3 – Eliminar



Os animais os que se lle aplique unha vacina deberán marcarse como de aplicados, premendo na caixa de “Aplicado”. Os animais que figuren na lista de “animais con probas” e non se lle aplique ningunha vacina, deberá indicarse o motivo polo que está exento, empregando o menú (premendo nos 3 puntíños da dereita) e seleccionando a opción “Engadir causa exención”




O engadir unha causa de exención de probas a un animal da lista aparecerá un triángulo vermello a dereita do crotal. Non se poderá premer en Aplicado mentres o animal teña unha causa de exención de


probas. O facer unha pulsación longa no triángulo aparecerá un emerxente co motivo de exención de probas indicado o animal



4.6.2.1. Animais con probas


Para engadir os animais vacinados e a vacina, premeremos na icona do símbolo do tubo de ensaio  que aparece arriba a dereita

No caso de ser a primeira vez que se realiza unha vacinación, necesitaremos ter conexión de datos nese momento para que descargue os datos dos produtos aplicables




Primeiro seleccionárase a vacina a aplicar e premerase en “Seguente”

NOTA: Os produtos de Ovino e Cabrún aparecerán diferenciados por especie. Non se permitirá a sincronización de tratamentos de animais dunha especie con produtos correspondentes a outra especie.




Na seguinte pantalla aparecerá o listado de animais mostrando o crotal o número de doses da vacina que xa ten o animal, a especie (en ovino/cabrún) e a data de nacemento

Se o animal xa tiña algunha dose anterior, poderanse revisar os datos de Lote, vacina e data das doses anteriores premendo sobre o número de doses




Iremos buscando todos os animais aos que se lle vaia aplicar o mesma vacina/tratamento e que sexa do mesmo lote e especie.

Poderemos filtrar os animais polos 4 últimos díxitos do crotal, ira mostrando os resultados segundo vaíamos escribindo. Tan só se mostrarán os animais de alta na explotación


Tamén se podería usar o filtro por idade dende a icona do funil  (ver Filtro animais)

Irá indicando o número de animais seleccionados e o número total de animais na explotación



No caso de non aparecer algún animal no listado, poderase dar de alta tal e coma se explicará no apartado “Alta animais non presentes”


Unha vez seleccionados os animais pulsaremos en “Seguiente” .

Indicaremos o lote da vacina/tratamento. Poderase indicar manualmente ou capturar o código de barras premendo na icona da cámara de fotos 


NOTA: No caso de utilizar a cámara deberase comprobar que estamos a capturar o código correspondente ao lote e non outro como pode ser o correspondente ao vial ou ao produto

En calquera momento, antes de gardar, poderemos movernos entre un paso e o anterior pulsando en “Anterior”

Finalmente gardaremos os cambios, premendo en “Gardar”




Unha vez gardado aparecerá na pantalla a listaxe dos animais seleccionados



Poderemos introducir unha nova proba **Nueva prueba** ou pechar **Cerrar** e volver a pestana de mostras onde visualizaremos os animais con probas

Se escollemos nova proba so poderemos ver os animais non seleccionados con anterioridade


4.6.2.2. Alta animais

Se ao premeremos na icona do símbolo do tubo de ensaio  que aparece arriba a dereita, indicar o tratamento, ir a escoller os animais e buscar un animal, non o atopamos será necesario dar de alta o

crotal. Para iso, na mesma pantalla onde facemos a busca de crotais, premeremos no símbolo **+** que aparece arriba á dereita.

A continuación teremos que cubrir os seguintes campos:

1. Crotal
2. Crotal madre (obrigatorio en bovino, opcional para ovino/cabrún)
3. Data nacemento (obrigatorio)
4. Especie (para ovino/cabrún)
5. Raza (para ovino/cabrún)
6. Sexo (para ovino/cabrún)



9:47 71%
Alta provisional 🔍 ✓

Crotal: _____ X

Crotal madre: _____ X

Fecha de nacimiento: _____ X

Especie: Ovi.. ▾

AÑADIR

12:21 100%
Alta provisional 🔍 ✓

Crotal: ESC2344H X

Crotal madre: _____ ! X

Fecha de nacimiento: _____ ! X

AÑADIR

< DE Y A ...

1 2 3 4 5 6 7 8 9 0


Q W E R T Y U I O P

A S D F G H J K L Ñ

↑ Z X C V B N M ✕

!#1 , Español (ES) . Sig.

Una vez cubertos os campos, prememos en “Añadir” e incorporárase na listaxe de animais de alta.



12:22 100%
Alta provisional 🔍 ✓

Crotal: ESC2344H X

Crotal madre: ES123456 X



Fecha de nacimiento: 03/03/2022 X

AÑADIR



Crotal: ESC2 344H. 20220303 ⋮
Madre: ES12 3456.

Engadiremos todos os animais que necesitamos

Poderemos eliminar un animal desta listaxe premendo nos 3 puntíños a dereita do seu crotal




A lupa permitirá filtrar os animais da listaxe de altas polos 4 últimos díxitos do crotal, ira mostrando os resultados segundo vaíamos escribindo.





Para engadir a listaxe aos animais da explotación premeremos na icona de verificado arriba a dereita 

Unha vez incorporado, volvemos a listaxe de animais e buscaremos o crotal e seguindo as indicacións do apartado anterior.




4.6.2.3. Filtro animais

Unha vez que premeremos na icona do símbolo do tubo de ensaio  que aparece arriba a dereita, para indicar a vacina, ao ir a escoller os animais, poderemos filtrar os animais dun rango de idade para marcar todos a vez

Para iso, na mesma pantalla onde facemos a busca de crotais, premeremos no símbolo do funil  que aparece arriba á dereita.

Na nova pantalla aparecerán inicialmente todos os animais, e iranse filtrando segundo vaiamos indicando as datas “Nacemento dende” e/ou “Nacemento hasta”

Para borrar unha data bastará premer na aspa de lado dela



Poderase indicar so unha das datas límite do rango de idades ou as dúas, segundo nos interesen os animais menores dunha idades, os maiores ou os que estean nun rango determinado de idade

Por exemplo, se estamos a vacinar os animais maiores de seis meses indicaremos en “Nacemento ata” a data correspondente a 6 meses antes do día de hoxe. Se queremos buscar os animais entre seis meses e un ano indicaremos en “Nacemento ata” a data correspondente a 6 meses antes e en “Nacemento dende” o mesmo día de hoxe pero de hai un ano. Para buscar os animais maiores de 5 meses, por exemplo, bastaría con indicar en “Nacemento ata” unha data inferior a 5 meses o día de hoxe (supoñendo que estamos en xullo de 2023 se seleccionamos os nados antes do 01/04/2023 filtraríanse tódolos animais que naceron antes do 01/04/2023)



Animal ID	Birth Date
ES02030880 7878	18/03/2023
ES05111350 3216	23/11/2022
ES06111386 3625	15/11/2022
ES09111409 7004	27/03/2023
ES03111398 6566	25/11/2022
ES06111415 9937	25/03/2023
ES06111413 5982	17/10/2022
ES03111411 4659	03/10/2022
ES07111400 5259	04/10/2022
ES09111374 3794	21/11/2022
ES02111431 5888	28/03/2023
ES07111410 8935	17/10/2022
ES07111415 0028	27/03/2023

Para seleccionar os animais filtrados premeremos na caixiña marcada () o lado de “Seleccionar filtrados” e se pulsamos na caixa en branco desmarcaríanse

Animal ID	Birth Date
ES02030880 7878	18/03/2023
ES05111350 3216	23/11/2022
ES06111386 3625	15/11/2022
ES09111409 7004	27/03/2023
ES03111398 6566	25/11/2022
ES06111415 9937	25/03/2023
ES06111413 5982	17/10/2022
ES03111411 4659	03/10/2022
ES07111400 5259	04/10/2022
ES09111374 3794	21/11/2022
ES02111431 5888	28/03/2023
ES07111410 8935	17/10/2022
ES07111415 0028	27/03/2023

4.6.2.4. Eliminar

Eliminará os datos do tratamento relativos a un crotal, pedirá confirmación



4.6.2.5. Aplicar

Unha vez engadido o tratamento nos animais, será necesario indicar que se aplicou dito tratamento, para iso marcarase a caixiña en cada un dos animais

NOTA: A data de vacunación será a data do dispositivo no momento de marcar como aplicado o tratamento. Se se realiza a actuación de vacunación durante varios días, cada animal terá como data de vacunación a do momento no que se marca o tratamento coma aplicado para o crotal.


No caso de estar a realizar outra actuación ademais da actuación de vacunación a actuación terá por data de actuación a do día no que se empezou a actuación e cada animal terá coma data de vacunación a data na que se marca o tratamento como aplicado para o crotal.



NOTA: Para poder completar a actuación deben estar marcados como aplicado o tratamento en todos os animais engadidos na listaxe de animais con probas da pestana Tratamentos.


4.6.3. Observacións

No campo “Observacións” indicárase todos os comentarios pertinentes á actuación



4.6.4. Sair

Para saír desta pantalla premerase na parte superior esquerda, daranos 2 opcións: comprobar os cambios e saír ou cancelar e seguir na pantalla actual.



5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS

Código de Explotación Agraria: Código polo que se identifica de forma unívoca a cada unha das explotacións gandeiras existentes na comunidade autónoma de Galicia.

Crotal: Identificación dun animal.

Explotación gandeira: Calquera instalación, construción ou, no caso de cría ao aire libre, lugar nos que se teñan, críen o manexen animais ou se expoñan ao público, con o sen fines lucrativos. Unha explotación gandeira pode comprender una o varias especies.

Mostra: Sangues, feces, leite, partes de órganos ou outros tecidos que se toman dos animais co propósito de ser analizados mediante probas de diagnóstico para determinar a presenza de enfermidades.

Tubo: Recipiente que contén a sangue ou outra mostra dun animal, ou explotación que foi sometido a probas

Envío: Datos das mostras correspondentes aos crotais, ou explotacións a estudo que se enviarán a laboratorio para a súa análise.

ADSG: Agrupación de defensa sanitaria gandeira.

Advertencia: Aviso do programa sobre unha situación sospeitosa de non ser correcta, puramente informativa, non impide continuar .

Erro: aviso do programa sobre unha situación que non é correcta, terase que solucionar antes de continuar a traballar.

6. ANEXO II: Contacto Soporte

No caso de ter algún problema coa aplicación móbil ou o portal web pódese contactar co soporte da aplicación:

- Correo electrónico: ficadi.galicia@tragsa.es
- Teléfono: 649813971